

# ESTRELA... FUGAZ?

Carlos Labraña

3º B



Este traballo xorde a partir da lectura do libro **Estrela... fugaz?** de **Carlos Labraña**, unha obra que nos permitiu descubrir o **teatro** como unha forma diferente e moi atractiva de contar historias. A través da súa lectura fomos comprendendo mellor como se constrúen os textos teatrais e como os personaxes cobran vida enriba do escenario.



## Os protagonistas da nosa obra.

Nun primeiro momento, imaxinamos como podían ser os protagonistas da historia e realizamos un deseño propio de cada un deles. Debuxámoslos segundo a nosa interpretación persoal, tendo en conta a súa forma de ser, as súas emocións e o papel que desempeñaban na obra. Este proceso axudounos a comprender mellor os personaxes e a conectar máis coa historia.





## Creación das obras teatrais.

A continuación, empregando eses personaxes creados por nós, escribimos as nosas propias obras de teatro. Grazas a este proceso, aprendimos as características dos textos teatrais, como a importancia dos diálogos, das acotacións e da organización das escenas.



## O noso propio diccionario teatral.

Ademais, para completar o noso traballo, elaboramos un diccionario de termos relacionados co teatro. Nel recollemos palabras novas e importantes que aprendemos ao longo do proxecto, o que nos axudou a ampliar o noso vocabulario e a entender mellor a linguaxe teatral.



En definitiva, este proxecto permitiunos aprender dunha maneira divertida e creativa, combinando lectura, escritura e debuxo, e descubriendo o teatro como unha forma de expresión que nos anima a crear e a imaxinar.